

ARTEEDUCACIÓN: DESPREGANDO PREGUNTAS

Cristina Trigo

Universidade de Santiago de Compostela

O binomio Arte + Educación suxíreme reflexións e preguntas que teñen que ver cos cambios de paradigma que a sociedade actual está operando na educación, a definición de museo ou a idea de coñecemento en relación coa arte.

Na miña experiencia no servizo de actividades e proxectos educativos do CGAC (1998-2014), fun educadora e mediadora cultural no Servizo de actividades e proxectos educativos. Non me resulta doado definir a mediación pois é un proceso en constante revisión que non responde a un modelo aínda que teña que cumprir uns obxectivos. Dependendo do contexto, dos axentes que interveñen nun proxecto, da súa *des-*continuidade, das necesidades ou premisas..., o/a mediador/a cultural participa de xeito colaborativo na construción de diferentes estratexias encamiñadas a dar resposta a esas premisas.

Baixo a perspectiva dunha institución de servizo público como o CGAC, penso no/na mediador/a como alguén que se sitúa inicialmente no intersticio entre o centro de arte e a comunidade, no medio dun grupo transdisciplinar desde onde pivota en diferentes direccións (non xerarquizo estes movementos) dunha idea a un lugar, desde aquí a un grupo de persoas, a outra institución, a un/unha artista, retorna, escoita activamente, explora vínculos e procura construír unha rede de conexións alén do espazo-museo.

Trátase dunha coautoría entre todos os axentes que interveñen nesa arquitectura colectiva: profesorado e alumnado de diferentes niveis educativos, profesionais da mediación e a xestión cultural, artistas, grupos sociais de características e necesidades moi diferentes, institucións... Así, entre os proxectos centrados no debate sobre a educación artística, hai que salientar os desenvolvidos coa Universidade de Santiago (Área de Didáctica da Expresión Plástica da Facultade de Ciencias da Educación) e o profesorado, como os cursos e xornadas «Caderno de Paseante», «Arte en Contexto» ou «Arte e educación: configurando o mapa contemporáneo», no que tamén participou a APECV (Associação de Professores de Expressão e Comunicação Visual, Porto); con escolas e profesorado de educación primaria a través do «Programa de aproximación á arte contemporánea»; con outros colectivos e institucións, como a colaboración continua co DEAC do Museo do Pobo Galego ou o proxecto «Algo máis de cor. Terapia habitación de hospital», coorganizado coa Asociación Cultural Sen Marco, colaboración co CHUS (Complejo Hospitalario Universitario de Santiago) e participación da artista Mónica Alonso.

Modos de actuación que, no actual contexto socioeconómico, se converteron nun equivalente ao «hai que facer moito con case nada», o que produciu falta de continuidade ou desaparición de proxectos, desgaste profesional e institucional ao traballar, en moitos casos, en claves de supervivencia e precariedade laboral e económica, poucas posibilidades para reflexionar sobre as prácticas que se despregan —máis encamiñadas a resolver as situacións inmediatas que ao cuestionamento e á participación en accións colaborativas— así como un alto grao de invisibilidade do traballo en rede dentro da institución e das súas liñas programáticas (que se traduce en escaseza de medios de todo tipo, pouca colaboración ou tendencia a confundir proxecto con accións puntuais).

É importante chamar a atención sobre isto porque os servizos e os/as mediadores/as culturais son pontes entre a institución e o contexto ao que pertencen, o que fai que teñan que readaptarse e revisar continuamente os seus procesos, e, do mesmo xeito, o propio concepto de museo ou centro de arte debe ser revisado con carácter de urxencia contando cos devanditos servizos e profesionais e todos os axentes que poidan ser susceptibles de involucrarse.

Nos últimos anos, están xurdindo iniciativas de grupos sociais integrados por artistas, investigadores/as, mediadores/as e outros profesionais que traballan en proxectos comunitarios baseados no saber-facer e aprender a aprender uns cos outros.

A través da colaboración, do traballo en rede e dos grupos multidisciplinares, configúranse contextos ArtEducativos¹ híbridos, complexos sistemas dinámicos que interaccionan co contorno e xeran un cambio de actitude, novas formas de concibir e producir o coñecemento baseadas na idea de complexidade como característica propia da realidade na que estes grupos operan para melloralas (Aguerrondo, 2009). Modos de facer nos que o conflito, o cuestionamento dos modelos existentes... dan lugar a novas formas de acción social. Estas sinerxías ocorren, en boa medida, nas gretas do sistema e ás veces son efémeras, de xénese, metodoloxías e protocolos dispares, mais, cando conseguen converterse en experiencias sostibles e sostidas no tempo, empoderan a cidadanía alí onde se producen, o espazo construído ou o abandonado convértese en espazo público, un espazo axenciado mediante a transformación artística e comunitaria. Sabemos que a través da arte e da mediación cultural se xeran canles de posibilidades de transformación e as institucións (museos, escola, universidade...) teñen que ser parte delas:

Quando decimos que nuestras instituciones pueden ser mucho más de lo que son, no insinuamos que deban ser más grandes, o más eficientes, o más progresivas, o más divertidas (aunque ciertamente deberían ser más divertidas). En cambio, lo que queremos es que su alcance sea mayor, que proporcionen lugares para hacer mucho más de lo que jamás se creyeron capaces de hacer. (Rogoff, 1969)

Nesta interacción entre manifestacións artísticas contemporáneas, comunidade e contorno, é clave a idea de proceso. Indagar, buscar, investigar, observar, cuestionar, partir dun problema, buscar intentos de solución ou respostas... son características do proceso artístico que poden ter un paralelismo na configuración e desenvolvemento dos proxectos comunitarios. Non se trataría tanto dun binomio Arte + Educación senón de ArtEducación entendida como sinónimo de ArteVida.

Posto que a sociedade está cambiando, os paradigmas tamén e así xurdiron a *Museoloxía crítica*, o *Xiro educativo*² —que algunhas das grandes citas artísticas nacionais e internacionais³ asimilaron levando á práctica moitas iniciativas nas que a educación é un xénero máis da exposición pública. Xorde o concepto de «curador pedagóxico», que procura que educación, cultura e comunidade queden integradas a través de proxectos transversais e facendo visibles —dun xeito global— debates e estratexias de traballo.

Así que temos ferramentas e experiencias nas que basearnos para converter as institucións en servizos públicos abertos á sociedade pero, por razóns que debemos analizar en profundidade, moitas delas non se reformulan. Teremos que poñernos a pensar-facer e quizais o mellor xeito é non facelo só, partir precisamente da idea da mediación para levalo a cabo de xeito colaborativo.

¹ A partir das conversas e accións desenvolvidas con C3 (célula de acción artística), empregamos o termo ArtEducación porque entendemos a educación artística como un todo que non pode ser considerada de xeito separado da vida, dos procesos e das reflexións do artista-investigador-educador.

² Xiro educativo ou xiro educacional na arte: con esta denominación tomada do artigo «Turning» da curadora comprometida coa educación Irit Rogoff alúdese aos cruzamentos que se producen entre os ámbitos cultural e educativo operados desde a práctica curatorial. «Cada vez máis, pienso que “la educación” y “el giro educacional” deberían ser justo eso: el momento en el que atendemos a la producción y articulación de verdades —no la verdad como aquello correcto, como lo probable, como un hecho, sino la verdad como aquello que reúne a su alrededor subjetividades que no son recogidas ni reflejadas por otros actos de lenguaje».

³ Recentemente a Documenta 11, a Bienal de Venecia, as exposicións «Un saber realmente útil» (MNCARS, 2014) ou «Ni arte ni educación» (Matadero, 2015) son exemplos da transformación de modelos e paradigmas en Europa nos que a educación se entrecruza coas prácticas curatoriais e a mediación cultural.

A finais de 2014 deixei o traballo no CGAC para ser docente na Facultade de Ciencias da Educación en Santiago (Área de Didáctica da Expresión Plástica). A perspectiva virou totalmente e decateime de que entre os contextos ArtEducativos do museo e da docencia hai contradicións mais tamén moitos puntos de encontro.

Que nexos poden existir entre ArtEducación, mediación cultural e formación docente? Que pensamos da educación artística que vivimos como alumnos? Que queremos e que non queremos? De que palabras se configura o mapa das expectativas do/a docente que quero ser?

Non pode ser que os modelos que non funcionan sigan reproducíndose sistematicamente. Precisamos aquí tamén re-pensarnos. A sociedade das tecnoloxías expande as posibilidades da comunicación e facilita o traballo en rede así como o desenvolvemento e difusión de moitas iniciativas, investigacións ou experiencias. Invitan á participación e á reflexión sobre o papel da ArtEducación hoxe no que a experiencia da arte como un proceso vivido semella ser clave. A formación docente como «proceso que involucra á persoa na súa totalidade, supón indagar concepcións, representacións, imaxes, etc.; así, como recuperar os percorridos persoais [...] e modos de aprender, construídos en interacción cos contextos sociais, que permiten analizar o propio devir [...]. É un camiño cara á problematización, non para resolver problemas senón para identificalos». (Agra, 2013: 16)

En que se basea hoxe o ensino-aprendizaxe? Como se constrúe? A miña andaina na facultade comezou con estas e outras preguntas coas que tamén nos interpelan as obras de arte: De onde vimos e que vivimos? Que ten isto que ver comigo? Que queremos ser? E aos poucos, nunha deriva conxunta, fomos atopando territorios de cruzamento transversais (Rodrigo, 2007) entre a arte e a identidade, o contexto e o contorno, os eixes nos que pivota a materia de contextos e procesos artísticos.

As achegas individuais ou grupais a cada proposta hai que entendelas como intentos de respostas, os estratos sobre os que vai asentando o proxecto; mapas colectivos arredor do papel e da pegada das artes que traemos ata chegar aquí e da ArtEducación que aínda é expectativa, que está por facer e que precisa dotarse de referentes educativos e artísticos contemporáneos.

A formación concibida desde a idea de proceso que flúe en continuo devir que recolle, que deixa, que transforma; leva a un rol de docente no que necesariamente se infiltran modos de actuación da mediación cultural. O ArtEducativo é un mediador⁴ capaz de desenvolver o seu traballo conectando o contexto escolar con outros e coas necesidades sociais da comunidade.

A arte contemporánea como referencia, o cuestionamento, a procura dunha arquitectura do pensamento que diseña as formas a partir da indagación, o conflito e as necesidades sociais, teorías aplicadas e prácticas reflexionadas, a colaboración, o desexo de cambio, o traballo coa comunidade... son as bases pedagóxicas, metodoloxías dialóxicas e participativas, aprendizaxes autónomas, disruptivas, creación de situacións que xeran accións de creación colectiva (Agra, 2013). O coñecemento é froito da ensamblaxe das pezas que cadaquén trae, un *Merz-bau* de experiencias atopadas e, ao tempo, un *Atlas* colectivo do presente no que reverberan como ondas expansivas, historias e relatos de todas as nosas voces.

⁴ A Facultade de Arte e Deseño da universidade da rexión finlandesa de Laponia desenvolve proxectos artísticos que procuran formas de conectar o educador artístico coa súa comunidade, o que leva a buscar novos modelos de actuación e de formación, próximos á idea do/a educador/a artístico/a como traballador/a cultural, capaz de desenvolver o seu traballo en diferentes contextos ademais do escolar e conectando con asociacións, institucións ou empresas de xeito que a arte poida inserirse no tecido social e verse como un factor de cambio e xerador de benestar. O/a educador/a artístico/a aseméllase a un axente mobilizador, capaz de conectar arte e educación con outro tipo de necesidades sociais, cunha profunda sensibilidade cara ao seu medio natural no seu sentido máis amplo e ser quen de poñer en marcha proxectos que enlacen coa súa realidade social máis próxima. Esta perspectiva de traballo implica —desde o punto de vista formativo— o desenvolvemento de habilidades relacionadas coa posta en marcha de proxectos, o traballo en equipo multidisciplinar ou a capacidade para buscar financiación para os proxectos.

Desde estas premisas, a ArtEducación como campo de acción experimental consistiría máis ben en xerar situacións de transversalidade que fagan posible experimentar coas linguaxes, coa transmisión e co intercambio de coñecementos e experiencias, investigar na produción artística, utilizar técnicas e medios que permitan comunicalos e vehicularlos a través da incorporación de dinámicas sociais. É iso posible? Como o facemos? Que é o que urxe cambiar? Que ferramentas precisamos levar no *kit*?

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGUERRONDO, Inés (2009): «Conocimiento complejo y competencias educativas», *IBE Working Papers on Curriculum Issues nº 8*, Xenebra, Unesco, Oficina Internacional de Educación.
- AGRA PARDIÑAS, María Jesús (2013): *Historias en torno al arte y a la educación artística: Notas para un posible diario*, Santiago de Compostela, Caleidoscopio.
- MIGUÉNS, M. / M. J. AGRA / C. TRIGO (eds.) (2015): *Configurando o mapa contemporáneo. Arte e educación*, ICE, Universidade de Santiago de Compostela. (Colección Cadernos do mediador; 2).
- ROGOFF, Irit (1969): «Turning», *e-flux Journal #00* (<http://www.e-flux.com/journal/00/68470/turning/>) [última consulta: decembro, 2016].
- RODRIGO, Javier (2007): «Educación artística y prácticas artístico-colaborativas. Territorios de cruce transversales», en *Arte contemporáneo y educación: un diálogo abierto*, Valladolid, Consejería de Cultura y Turismo (<http://www.box.net/shared/4vd9kugpfe/1/24434306/256758988>) [última consulta: decembro, 2016].